

RESOLUCIÓN da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Mar pola que se publica a lista provisional do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de POLIQUETOS en embarcacións ao abeiro do plan de xestión conxunto para o recurso específico poliquetos, mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Porto do Son e Portosín, e as embarcacións excluídas do proceso.

Antecedentes

1. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión para o recurso específico Poliquetos (PE410A 2021/28-1), modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Porto do Son e Portosín, é o primeiro ano que a confraría de Porto do Son presenta este plan en conxunto coa confraría de Portosín, establecéndose un número máximo de participantes de 4 embarcacións (3 de Porto do Son e 1 de Portosín) e 8 mergulladores (6 de Porto do Son e 2 de Portosín).

Trala finalización do último proceso de renovación de 2021 desta modalidade na confraría de Porto do Son para o trienio 2022-2024, o número de embarcacións con poliquetos no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é na actualidade de 2 embarcacións e 4 habilitacións.

2. O 09.03.2022, a confraría de pescadores de Porto do Son, entidade representante do plan, solicitou a esta xefatura territorial (Entrada Núm. 2022/623517) o inicio da convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade no permiso de explotación a 2 embarcacións (1 embarcación da confraría de Porto do Son e 1 embarcación da confraría de Portosín).

3. O 27.09.2022 esta xefatura territorial comunicou á confraría de pescadores de Porto



do

Son, como entidade representante do plan de xestión conxunto, a proposta para proceder á convocatoria dun proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de poliquetos a 2 embarcacións con 2 cotas a cada unha. Nesta comunicación outorgábaselles un prazo de tres (3) días hábiles para que presentasen as observacións que considerasen oportunas e que de non recibir resposta no prazo sinalado entenderíase como positiva a proposta realizada por esta xefatura territorial. Transcorrido o dito prazo non se recibiu resposta por parte da entidade.

4. O 13.10.2022 esta xefatura territorial ditou a resolución pola que se convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de Poliquetos a 2 embarcacións con 2 cotas para mergulladores/embarcación (4 habilitacións en total), para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión conxunto de Poliquetos das Confrarías pescadores de Porto do Son e Portosín, de acordo co reparto de participantes por confraría establecido no plan de xestión aprobado e estableceu un prazo de 15 días hábiles para a presentación das solicitudes.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos.

2. O proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de Poliquetos convocado mediante a resolución do 13.10.2022 realízase para dúas (2) embarcacións con catro (4) cotas, coa única asignación posible de 2 cotas por embarcación, de conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión conxunto para o recurso de Poliquetos das citadas entidades e co reparto de ampliación establecido por confraría:

- Porto do Son: 1 embarcación con 2 habilitacións
- Portosín: 1 embarcación con 2 habilitacións

3. O número de embarcacións participantes admitidas (1) na Confraría de pescadores de Portosín é igual ao número de prazas convocadas (1) para esta confraría, polo que non foi necesario proceder a súa valoración, de conformidade co punto A.1 de Criterios xerais do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder as modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de



Desenvolvemento Pesqueiro.

Non se presentou ningunha embarcación á praza convocada para a Confraría de pescadores de Porto do Son.

4. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Facer pública a lista provisional das embarcacións admitidas neste proceso selectivo para acceder á modalidade de poliquetos en embarcacións ao abeiro do plan de xestión conxunto para o recurso específico Poliquetos, mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das Confrarías de pescadores de Porto do Son e Portosín (anexo I).

2. Non aplicar o baremo previsto na epígrafe B do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

A presentación e admisión dunha (1) embarcación coa pretensión de acadar 2 habilitacións no ámbito da Confraría de Portosín, non fai necesario proceder á valoración da solicitude para puntuar a dita embarcación.

3. Facer pública a listaxe definitiva das embarcacións excluídas ao proceso selectivo, así como as causas da súa exclusión (anexo II)

As persoas armadoras excluídas poderán presentar contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, un recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes, que se contará a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

4. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Mar e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da Xefatura Comarcal de Ribeira da Consellería do Mar, así como nos taboleiros de anuncios das entidades participantes no plan de xestión conxunto.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Porto do Son, como entidade representante do plan de xestión, así como á confraría de pescadores de Portosín, como entidade co-titular do plan de xestión, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



María José Cancelo Baquero
(sinatura electrónica)

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



ANEXO I

Listaxe provisional de embarcacións admitidas no proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de POLIQUETOS para 2 embarcacións con 4 cotas de captura de mergulladores ao abeiro do plan de xestión conxunto do recurso específico Poliquetos das Confrarías de pescadores de Porto do Son e Portosín.

Embarcacións admitidas									
Confraría	Embarcación	Matrícula e folio	Experiencia profesional do armador b.1	Habitualidade da actividade pesqueira b.2	Antigüidade da embarcación b.3	Nº artes b.4	Formación da persoa armadora b.5	Ter mulleres enroladas b.6	Total (*)
Portosín	APURO	3ª CO-7-3106							
Porto do Son	(**)								

(*) Posto que existe unha (1) embarcación aspirante admitida ao proceso selectivo, igual ao número de prazas convocadas no ámbito da confraría de Portosín, non é preciso aplicar o baremo.

(**) Non se recibiron solicitudes á convocatoria da praza para a confraría de Porto do Son.



ANEXO II

Embarcacións excluídas

Non existen embarcacións excluídas

